



EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ
Capitol, última sesión

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2004, 168 páxinas

P. V. P. 11 IVE incluído

ISBN 84-8288-749-1



CINEMA PARADISO

Un dos escritores galegos que mellor recrean o fascinante **mundo do cinema** é Miguel Anxo Fernández. *Capitol, última sesión*, o libro que vén de publicar Editorial Galaxia, achéganos un mangado de historias nas que as salas de cine e as películas se converten nun universo que acaba por contaxiar a vida dos espectadores, dándolle unha dimensión nova na que se unen ficción e realidade. Historias de cine que forman parte da nosa propia historia e que, coma en *Cinema Paradiso*, marcan o devalar do tempo.

Con envexable pulso narrativo e pingadelas de humor, Miguel Anxo Fernández percorre a historia cinematográfica do século XX a través dos filmes que se proxectan no Capitol, un cine dos de antes ao redor do cal se tecen vidas e historias tan apaixonantes como as que se proxectan na súa pantalla. **Aventura, amor e misterio** nun libro de narrativa que conta a historia do cinema dunha maneira imaxinativa e orixinal.

Ao lembrar esas películas de cine que deixan na memoria un pouso de sensacións e vivencias, Miguel Anxo Fernández explora ese territorio privado no que a **fantasía do cinema** se mestura coa realidade da vida dando lugar a unha obra narrativa que engaiola e conquista lectores. A mesma fascinación que acontece na sala de proxección trasládaa o autor ás narracións de *Capitol, última sesión*.

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ (O Carballiño, 1955) é profesor de Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo e exerce a crítica diaria de cine e televisión en *La Voz de Galicia*. Tamén colabora como crítico cinematográfico no “Diario Cultural” da Radio Galega e “Biblioteca Galega” de Radio Voz. Polo seu labor como investigador e teórico cinematográfico, vencellado desde finais dos anos setenta ao desenvolvemento do audiovisual galego, concedéronlle o premio de honra Fernando Rey no ano 2001 e o Fundación AIGSE no 2004. Entre a súa obra especializada, destacan *O Carballiño. Crónica de cine. 1900-1990* (1994, Premio Historia da Galicia Cinematográfica), *Carlos Velo. Cine e exilio* (1996), *As imaxes de Carlos Velo* (2001, Premio Sempre en Galicia), e *A Bella Otero, pioneira do cine* (2003, Premio Chano Piñeiro). *O sabre do francés* (Galaxia, 2002) foi a súa primeira incursión na literatura de ficción e con *Un nicho para Marilyn*, gañou o Premio García Barros 2002.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es